

Estimadas familias:

Durante este período de vacacións queremos que os nenos e nenas descansen, xa que despois teremos que esforzarnos moito todos para afrontar o final do 2º curso. Aínda non sabemos como será este final polo que teremos que ter paciencia e esperar novas instrucións.



Mentres tanto, non vos imos mandar deberes diarios nin obrigatorios (podedes ir rematando o enviado ata agora, se non o fixestes xa). O que si faremos é indicaros algúns traballos que podedes facer:

LINGUAS:

LER todos os días en voz alta e interiormente. Procurade intercalar lecturas en galego e tamén en castelán.

Durante estas vacacións nos gustaría que escribades unha NARRACIÓN na que contedes como están sendo estes días de confinamento:

- Podedes comezar narrando dende o día que se suspenderon as clases e explicar cómo organizades o día en casa, que actividades facedes, con quen pasades o encerro, se estades colaborando na casa, se aprendestes cousas novas, como vos sentides, de quen vos acordades, cal é o voso momento do día preferido, se celebrastes algún día especial... e podedes rematar contando o 1º vos gustaría facer ao rematar o encerro.
- Como esta narración ides escribila durante todos estes días, pode ser longa (dunha cara dun folio aproximadamente)
- Podedes decorar a narración facendo un debuxo moi bonito.

MATEMÁTICAS:

Podedes REPASAR contidos xa aprendidos como:

- Sumas de ata 3 sumandos con unidades, decenas e centenas.
- Restas levando con unidades, decenas e centenas. Proba da resta.
- Táboas de multiplicar.
- Contar cara adiante e atrás, xogar coa táboa do 100.

CIENCIAS:

Podedes copiar o poema do libro “Os soños na gaiola” de Manuel María sobre a PRIMAVERA , despois podedes aprendelo de memoria e recitalo en alta voz con expresividade.

ANDORIÑAS

dende aquí deica acolá!

Guiada da man dun soño
a Primavera
chegou.
E todas as
andoriñas
no ceo azul
convocou!



Voan pra riba, pra
baixo!
Van ao alto, van ao
fondo!
Voan en liña seguida,
en picado e en
redondo!

Todo é voar e voar
e andar de aquí para alá.
Todo nun ir e nun vir



Andoriñas en concello
sobre dun poste
pousadas,

Que de palabras
secretas
e razóns apaixonadas!

OUTRAS COUSIÑAS:

Non vos esquezades de que hai xogos que axudan moito a aprender matemáticas dunha forma divertida: parchís, oca, monopoly, bingo, cartas...

Podedes realizar traballos manuais e debuxos, facer circuitos deportivos pola casa, patinar, saltar á corda (se é que tedes un espazo apropiado), escoitar música de todos os tipos (clásica, moderna, en galego...)

E non vos esquezades de escoitar a **RADIO!!!**

